

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE

- 4789** *Orde ECC/730/2014, do 29 de abril, de medidas temporais para facilitar a progresiva adaptación das entidades aseguradoras e reaseguradoras ao novo réxime da Directiva 2009/138/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, sobre o seguro de vida, o acceso á actividade de seguro e de reaseguro e o seu exercicio.*

De conformidade co artigo 16 do Regulamento (UE) n.º 1094/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro de 2010, polo que se crea unha autoridade europea de supervisión (Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación), se modifica a Decisión n.º 716/2009/CE e se derroga a Decisión 2009/79/CE da Comisión, e dentro das funcións que se lle atribúen, a Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación emitiu o 31 de outubro de 2013 unha serie de directrices sobre o sistema de goberno das entidades aseguradoras, a avaliación interna prospectiva dos riscos, a subministración de información ao supervisor e a solicitude previa de modelos internos, dirixidas ás autoridades de supervisión. Estas directrices indican a maneira de proceder na fase preparatoria previa á aplicación da Directiva 2009/138/CE do Parlamento e do Consello, do 25 de novembro de 2009, sobre o seguro de vida, o acceso á actividade de seguro e de reaseguro e o seu exercicio, en diante Directiva de solvencia II.

Estas directrices, que son de aplicación desde o 1 de xaneiro de 2014, teñen como obxecto que as entidades aseguradoras e reaseguradoras e os grupos de entidades aseguradoras e reaseguradoras estean preparados, dentro dos ámbitos descritos anteriormente, para cando sexa plenamente aplicable, con carácter obrigatorio, o réxime da Directiva de solvencia II a partir do 1 de xaneiro de 2016. Ao mesmo tempo, preténdese evitar que cada Estado membro cree solucións de ámbito nacional, facilitando con estas directrices un criterio coherente e converxente en relación coa preparación para a Directiva de solvencia II.

As autoridades de supervisión poderán aplicar e, se for o caso, trasladar o seu contido ás entidades aseguradoras e reaseguradoras e aos grupos de entidades aseguradoras e reaseguradoras.

Esta orde ten como finalidade que as entidades aseguradoras e reaseguradoras e os grupos de entidades aseguradoras e reaseguradoras tomen como referencia as citadas directrices para efectos da súa progresiva adaptación ao novo réxime de solvencia II e o establecemento dos mecanismos de información necesarios para que o supervisor español poida comprobar a efectiva adaptación das entidades aseguradoras e reaseguradoras e os grupos de entidades aseguradoras e reaseguradoras ás directrices da Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación desde o 1 de xaneiro de 2014 até o 31 de decembro de 2015.

A disposición derradeira segunda faculta o Goberno, por proposta do ministro de Economía e Competitividade, e logo de audiencia da Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións, para desenvolver a lei nas materias que se atribúen expresamente á potestade regulamentaria, así como, en xeral, en todas aquelas susceptibles de desenvolvemento regulamentario en que sexa preciso para a súa correcta execución.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida na disposición derradeira segunda, en relación cos seus artigos 70 e 71 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, e por proposta do ministro de Economía e Competitividade, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Adopción de medidas, informe de cumprimento e requirimentos individualizados.*

1. As entidades aseguradoras e reaseguradoras adoptarán as medidas necesarias para a progresiva adaptación ás directrices sobre o sistema de goberno, a avaliación interna prospectiva dos riscos, a subministración de información ao supervisor e solicitude previa de modelos internos, na fase preparatoria previa á aplicación da Directiva 2009/138/CE do Parlamento e do Consello, do 25 de novembro de 2009, sobre o seguro de vida, o acceso á actividade de seguro e de reaseguro e o seu exercicio, en diante Directiva de solvencia II, e presentarán antes do 31 de xullo de 2014 á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións un calendario debidamente aprobado polo seu órgano de administración que permita a implantación progresiva do seu contido.

2. As entidades aseguradoras e reaseguradoras e os grupos de entidades aseguradoras e reaseguradoras incluídos no proceso de solicitude previa de modelos internos para o cálculo das exixencias de solvencia, conforme a Directiva de solvencia II, deberán cumprir coas directrices e recomendacións sobre a solicitude previa de modelos internos da Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación, co obxecto de coñecer o grao de preparación destas para presentar a solicitude de utilización dun modelo interno para o cálculo do capital de solvencia obrigatorio conforme o recollido na dita directiva.

3. As entidades aseguradoras e reaseguradoras elaborarán un informe anual referido ao exercicio 2014 e outro ao 2015 sobre o seu grao de cumprimento das directrices e recomendacións da Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación, sobre o sistema de goberno, a avaliación interna prospectiva dos riscos, a solicitude previa de modelos internos e a subministración de información. O informe deberá ser aprobado polo órgano de administración de cada entidade e remitido á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións antes do 30 de xaneiro do 2015 e do 30 de xaneiro de 2016, respectivamente.

4. As entidades aseguradoras e reaseguradoras e os grupos de entidades aseguradoras e reaseguradoras deberán presentar ante a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións o informe de supervisión da avaliación interna prospectiva dos riscos dentro das dúas semanas seguintes á súa revisión e aprobación por parte do seu órgano de administración. Para isto terase en conta o carácter progresivo da implantación das directrices referidas no número 3.

5. As entidades de seguros e reaseguros que concentren ao menos o 80% da cota de mercado nacional correspondente ao exercicio finalizado en 2012 deberán presentar antes do 3 de xuño de 2015, ante a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, a información cuantitativa e cualitativa anual correspondente ao exercicio que finaliza o 31 de decembro de 2014.

6. As entidades de seguros e reaseguros que concentren ao menos o 50% da cota de mercado nacional correspondente ao exercicio finalizado en 2012, ademais da información referida no parágrafo anterior, deberán presentar antes do 25 de novembro de 2015, ante a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, a información cuantitativa trimestral correspondente ao trimestre que finaliza o 30 de setembro de 2015.

7. A cota de mercado a que fan referencia os números 5 e 6 determinarase, para as entidades que realizan actividades de seguro de vida, en función da contía das súas provisións técnicas brutas para seguros de vida. Para as entidades que realizan actividades de seguro distinto do seguro de vida, en función da contía das súas primas devindicadas brutas de seguros distintos do seguro de vida, seguro directo e reaseguro aceptado.

A determinación do alcance da obriga prevista nos números 5 e 6 corresponderá á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, que o comunicará individualizadamente ás entidades que se encontren dentro da cota de referencia.

8. Os grupos de entidades aseguradoras e reaseguradoras con máis de 12.000 millóns de euros, ou a cantidade equivalente de divisa nacional, de activos totais no balance contable consolidado correspondente ao exercicio finalizado en 2012, deberán presentar antes do 15 de xullo de 2015, ante a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de

Pensións, a información cuantitativa e cualitativa anual correspondente ao exercicio que finaliza o 31 de decembro de 2014. Así mesmo, deberán presentar antes do 7 de xaneiro de 2016 a información cuantitativa trimestral correspondente ao trimestre que finaliza o 30 de setembro de 2015.

9. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá fixar por resolución o contido do informe a que se refire o número 3, os prazos, as condicións e o procedemento que se debe seguir para o cumprimento da obriga fixada no número 4 e o contido da información cuantitativa e cualitativa prevista nos números 5, 6 e 8.

Artigo 2. *Principio de proporcionalidade.*

En consonancia co previsto no artigo 110.9 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, as disposicións contidas nesta orde aplicaranse de forma proporcionada á natureza, volume e complexidade das operacións da entidade.

Disposición adicional primeira. *Habilitación á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.*

Por resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións concretaranse os principios aplicables para facilitar a transición ao réxime previsto en solvencia II respecto ao sistema de goberno, incluído o sistema de xestión de riscos, a avaliación interna prospectiva dos riscos, a solicitude previa de modelos internos e a subministración de información cuantitativa e cualitativa á citada dirección xeral.

Disposición adicional segunda. *Publicidade das directrices e recomendacións emanadas da Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación.*

Por resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións darase publicidade ás directrices e recomendacións da Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación, elaboradas de acordo cos artigos 5 e 16 do Regulamento UE 1094/2010, do 24 de novembro, polo que se crea a Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación, que vaian ser tomadas como referencia para os efectos da progresiva adaptación ao novo réxime de solvencia II da Directiva 2009/138/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, sobre o seguro de vida, o acceso á actividade de seguro e de reaseguro e o seu exercicio.

Disposición derradeira primeira. *Carácter básico.*

De conformidade co disposto na disposición adicional primeira do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, e na disposición derradeira primeira do Real decreto 2846/1998, do 20 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, as disposicións contidas nesta orde teñen a consideración de bases da ordenación dos seguros, de acordo co previsto no artigo 149.1.11.<sup>a</sup> da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e estará vixente até o 31 de decembro de 2015.

Madrid, 29 de abril de 2014.–O ministro de Economía e Competitividade, Luis de Guindos Jurado.